

**Asunto:** informe sobre Parque eólico de O SOBREDO

**Promotor:** Parque Eólico O Sobredo S.L.

**Localización:** Concello de Arbo (Pontevedra)

**Clave:** IN661A 2011/5-4.

#### **ANTECEDENTES:**

o proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalación do parque eólico de referencia .

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto ambiental da actuación Parque Eólico O SOBREDO no termo municipal de Arbo (Pontevedra) e a través Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra, se solicita informe dentro das nosas competencias, especialización ou ámbito de actuación, sobre o devandito documento a través de rexistro o día 17 de decembro de 2021, emitíndose o seguinte informe

#### **DATOS TECNICOS.**

O Parque proxectado está formado por 5 aeroxeneradores acadando una potencia total de 18,00 MW., o modelo de aeroxenerador terá un diámetro máximo de rotor de 136 m e altura máxima de buxe ata 105 m.

#### **INFORME**

Segundo o Estudio de Impacto Turístico do Proxecto Parque eólico O SOBREDO tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construción pode se considera significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo.
- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.

Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recursos naturais, o de seus procesos fundamentais de funcionamento que produza o poda producir no futuro repercusións apreciable, é necesario que se establezan medidas preventivas o correctoras no desenvolvemento da explotación.





## CONCLUSIÓNS

As afeccións á explotacións de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achedgado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o Parque eólico O SOBREDO no turismo rural local así como na súa contorna é REDUCIDO e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental, de tal xeito que as afección a elementos existentes debe ser analizado desde o punto de vista patrimonial.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

